



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO RURAL
AGRUPADO
RAÍÑA ARAGONTA

PLEA



PLAN

de Lectura, Escritura
e Acceso á información



Resolución do 16 de outubro de
2025, da Dirección Xeral de
Ordenación e Innovación
Educativa pola que se ditan
instrucións para o deseño,
elaboración e implementación do
Plan de Lectura, Escritura e Acceso
á información nos centros
docentes non universitarios
sostidos con fondos públicos da
Comunidade Autónoma de Galicia

Versión: 1.0
Xuño 2026



ÍNDICE

RECURSOS, FORMACIÓN E ORGANIZACIÓN.....	9
FERRAMENTAS EMPREGADAS PARA REALIZAR A ANÁLISE.....	10
ÁMBITO LINGÜÍSTICO.....	10
ÁMBITO SOCIO-ECONÓMICO E FAMILIAR.....	10
RECURSOS SOCIO-CULTURAIS.....	10
CONTEXTO EDUCATIVO.....	11
TRATAMENTO DIFERENCIADO DA LECTURA, ESCRITURA E DO ACCESO Á INFORMACIÓN.....	12
ANÁLISE DE FORTALEZAS E DEBILIDADES CRA RAÍÑA ARAGONTA.....	14
OBXECTIVOS.....	16
LECTURA.....	16
ESCRITURA.....	21
ACCESO Á INFORMACIÓN.....	26
ANEXO.....	31

ANÁLISE DO CONTEXTO

O centro educativo sitúase nunha contorna fundamentalmente rural, caracterizada pola distribución da poboación en sete parroquias con identidade propia, sendo Santa María de Salceda a que concentra a maior parte dos servizos. Segundo datos do INE (2024), o concello conta con 9.430 habitantes e forma parte da área metropolitana de Vigo, o que lle confire unha posición intermedia entre o ámbito rural e a influencia urbana.

No ámbito lingüístico, a realidade sociolingüística do concello é maioritariamente galegofalante; porén, no contexto escolar obsérvase que a lingua materna predominante do alumnado é o castelán, existindo diferenzas significativas entre aulas. Ante esta situación, o proxecto lingüístico do centro establece como liña prioritaria o reforzo da presenza e normalización do galego, promovendo un maior número de funcións sociais e espazos de uso dentro da comunidade educativa. Con este obxectivo, adóptanse medidas como o emprego do galego na documentación oficial, na cartelería e na comunicación institucional, ao tempo que se respecta a lingua familiar maioritaria de cada grupo como lingua de referencia na aula, en consonancia coa normativa vixente e coa consulta ás familias.

O centro promove unha visión positiva da diversidade lingüística e do contacto entre linguas, entendendo esta realidade como unha riqueza cultural. Garántese a presenza de materiais en galego e castelán e foméntase o coñecemento da lingua non materna de maneira lúdica e significativa. Ademais, o alumnado conta cunha hora semanal de aproximación á lingua estranxeira, reforzada cunha hora adicional no marco do programa Plurin infantil, implantado desde o curso 2019/2020. Non se detectan interferencias salientables derivadas da aprendizaxe das distintas linguas máis alá das habituais nun contexto bilingüe.

Desde o punto de vista socioeconómico, o concello presenta un nivel medio, cunha renda bruta por habitante próxima á media estatal. A estrutura produtiva está

centrada principalmente no sector servizos (62% da poboación activa) e no sector industrial (27%), vinculado especialmente á automoción e á transformación do aluminio en polígonos industriais da contorna. O nivel formativo maioritario das familias sitúase nos estudos secundarios, configurando un contexto estable e cunha progresiva diversificación empresarial.

No ámbito sociocultural, destaca a elevada implicación das familias a través da ANPA, que organiza servizos complementarios como aula matinal, comedor e actividades extraescolares, ademais de colaborar activamente en propostas culturais e de dinamización do centro. O concello mantén unha estreita colaboración coa escola tanto no mantemento de infraestruturas como na organización de actividades. O municipio conta cunha biblioteca municipal ben dotada, librerías activas e un tecido asociativo amplo que promove actividades culturais, musicais e sociais. Salienta tamén a tradición musical da banda municipal e da Escola de Música, así como celebracións de forte arraigo como o Entroido, que reforzan a identidade cultural local.

No contexto educativo, a etapa de Educación Infantil non contempla probas de diagnóstico externas, mais o centro concibe a avaliación como un proceso continuo e formativo que permite adaptar e mellorar a práctica docente. O alumnado atópase nunha fase evolutiva previa á adquisición formal da lectura e da escritura, centrada no desenvolvemento das habilidades precursoras destas aprendizaxes. Os resultados das avaliacións internas amosan un elevado grao de adquisición das competencias, especialmente nas áreas relacionadas coa comunicación e representación da realidade, así como nas competencias lingüística, plurilingüe e dixital, con porcentaxes superiores ao 90% de alumnado que acada os obxectivos sen dificultade.

En conxunto, o centro intégrase nunha contorna rural con dinamismo económico e riqueza sociocultural, cunha comunidade educativa implicada e cun proxecto lingüístico e pedagógico adaptado á súa realidade. Esta situación proporciona un

marco favorable para o desenvolvemento integral do alumnado e para a consolidación dunha práctica educativa coherente, inclusiva e contextualizada.

LECTURA

Con respecto da situación da lectura do centro, pódese salientar que:

1. Existe unha planificación común e consensuada sobre a lectura no centro, cun tempo diario específico (20-30 minutos) e criterios adaptados a cada nivel educativo, garantindo unha progresión adecuada desde a narración oral ata as primeiras experiencias de lectura autónoma.
2. A lectura abórdase de forma global, contextualizada e interdisciplinar, implicando todas as áreas do currículo e especialidades, o que reforza o seu carácter transversal.
3. A biblioteca escolar é o eixo central da dinamización lectora, funcionando como:
 - Centro de recursos e aprendizaxe.
 - Espazo de préstamo (bolsiñas viaxeiras, mochilas e maletas temáticas).
 - Punto de encontro coa comunidade educativa.
 - Motor de iniciativas que conectan escola e fogar.
4. O profesorado integra de maneira habitual a "hora de ler", complementándoa con outras actividades que fomentan:
 - A comprensión lectora.
 - A expresión oral (coloquios, dramatizacións, debates).
 - O desenvolvemento comunicativo global.
5. Detéctanse dificultades relacionadas coa atención do alumnado, o que supón un aspecto a mellorar na implementación das propostas lectoras.
6. O alumnado amosa unha actitude moi positiva cara á lectura:
 - Le diariamente na aula e na casa.
 - Ten gusto pola lectura, especialmente de ficción.
 - Percibe que a escola o anima a ler.

- Valora os momentos de lectura compartida.
- 7. As familias presentan unha alta implicación lectora no fogar, con ampla dispoñibilidade de recursos e hábitos consolidados de lectura compartida, participación en actividades culturais e compra de libros.
- 8. Existe unha área de mellora na comunicación escola–familia, xa que:
 - Non empregan a web do centro para informarse sobre lectura.
 - Non participan nas actividades lectoras organizadas pola escola.

ESCRITURA

Logo de valorar os datos recollidos en relación coa escritura, pódese concluír que:

1. O centro, como CRA e con aulas heteroxéneas, aposta por unha metodoloxía lúdica, significativa, innovadora e constructivista, baseada na experimentación, no traballo por proxectos e en materiais manipulativos adaptados.
2. As programacións son abertas e flexibles, recollen contidos relacionados coa lectoescritura pero non impoñen unha única metodoloxía, permitindo adaptación ás distintas realidades de aula.
3. A linguaxe escrita ten un papel relevante, aínda que se complementa co uso habitual de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (pictogramas), que favorecen a organización da linguaxe e preparan para a escritura.
4. O centro non desenvolve un plan específico de fomento da escritura, aínda que promove actividades de achegamento (revista escolar, murais, proxectos).
5. A maioría do profesorado (80%) afirma propoñer actividades para desenvolver a competencia escrita, principalmente para rexistrar aprendizaxes e expresar gustos.
6. O alumnado:
 - Escribe diariamente na aula.
 - Mostra gusto pola escritura.

- Prefire escribir acompañado.
 - Sente que a escola o anima a escribir.
7. As familias:
- Perciben que aos seus fillos/as lles gusta escribir.
 - Facilitan medios e oportunidades de escritura no fogar.
 - Apoian a aprendizaxe, especialmente en contextos lúdicos (cartas, anotacións, xogo).
8. Existe unha base metodolóxica sólida e actitudes positivas cara á escritura por parte de profesorado, alumnado e familias, aínda que hai marxe para sistematizar e reforzar un plan específico de promoción da competencia escrita.

ACCESO Á INFORMACIÓN

Respecto do acceso á información, os datos analizados nos permiten comprender o seguinte:

1. Ausencia dun plan específico de ALFIN/AMI

O centro non conta cun plan estruturado que garanta o desenvolvemento sistemático das competencias en alfabetización informacional e mediática. As actuacións existentes intégranse de maneira puntual nas programacións e no PDI, sendo a biblioteca escolar o principal motor destas iniciativas.

2. Integración curricular parcial e enfoque instrumental das TIC.

A alfabetización dixital abórdase principalmente a través das unidades didácticas relacionadas coas rutinas de aula e coas actividades TIC/STEAM, entendendo as ferramentas tecnolóxicas como un medio e non como un fin. Existe intención pedagóxica de promover un uso responsable e ético das tecnoloxías, recollido tamén no Proxecto Educativo.

3. Necesidade de maior formación e coordinación docente.

Os datos da enquisa reflicten unha carencia formativa significativa: a maior parte do profesorado non recibiu formación específica en ALFIN/AMI nin colabora no deseño conxunto de propostas. Só a metade considera ter recursos e coñecementos suficientes, o que evidencia unha necesidade de formación e traballo cooperativo.

4. Aplicación práctica irregular das competencias informacionais.

Aínda que parte do profesorado promove o uso das TIC e da biblioteca para a busca de información, máis da metade non propón tarefas específicas de ALFIN/AMI.

Obsérvase tamén unha aplicación incompleta das prácticas éticas, xa que, malia empregar recursos libres de dereitos, non se adoita citar adecuadamente a autoría nin as fontes.

5. Existencia de prácticas de investigación no alumnado.

O alumnado participa en actividades de investigación, emprega diversas fontes (TIC, libros, persoas expertas) e comparte os seus aprendizaxes, mostrando motivación e percepción positiva do apoio escolar neste ámbito.

6. Escasa implicación estruturada das familias nos proxectos de investigación

As familias non reciben habitualmente demandas de colaboración nin tarefas de investigación para desenvolver no fogar, e cando existen, non sempre contan con orientacións claras. Isto evidencia unha oportunidade de mellora na coordinación escola-familia.

7. Potencial de mellora e consolidación dun marco común.

O centro conta con bases pedagóxicas e recursos (biblioteca activa, uso de TIC, proxectos de investigación) que poderían facilitar a elaboración dun plan específico de ALFIN/AMI que sistematice prácticas, mellore a formación docente e fortaleza a coordinación coa comunidade educativa.

RECURSOS, FORMACIÓN E ORGANIZACIÓN

A partir das informacións analizadas, resulta salientable que:

1. Existe unha carencia formativa en ALFIN/AMI no profesorado, xa que, como xa se sinalaba anteriormente:
 - Só a metade considera ter formación e recursos suficientes.
 - O 75% non recibiu formación específica nesta materia.
 - Aínda que en cursos anteriores houbo itinerarios relacionados no PFPP, estes non parecen suficientes nin sistemáticos.
2. O centro conta con recursos materiais e tecnolóxicos adecuados, tanto para o fomento da lectura e escritura como para o desenvolvemento da ALFIN/AMI:
 - Biblioteca con fondos variados e materiais dixitais.
 - Espazos confortables e organizados.
 - Boa conexión a internet.
 - Equipamento informático suficiente e actualizado para profesorado e alumnado.
 - Espazo web do centro activo e actualizado.
3. A biblioteca escolar consolídase como centro dinamizador e innovador, actuando como:
 - Centro de recursos.
 - Impulsora de metodoloxías colaborativas.
 - Eixo de coordinación con outras bibliotecas da contorna.
 - Espazo de colaboración intercentros (CEP Altamira e IES Pedras Rubias).
 - O centro establece un marco común competencial nos seus documentos oficiais, mais, non concreta estratexias específicas para o desenvolvemento da ALFIN/AMI e existe marxe de mellora na planificación máis sistemática e operativa.
4. Non existe actualmente un clube de lectura, aínda que:
 - Desenvolven diversas iniciativas para implicar ás familias.

- A participación no programa “Lectura e familias” (2025/26) supón unha oportunidade de fortalecemento desta liña.
 - A acollida das actividades por parte das familias é positiva (visitas, empréstito, participación en obradoiros).
5. O impacto do programa “Lectura e familias” deberá ser avaliado a medio prazo, xa que aínda é recente, mais os indicadores iniciais mostran boa resposta da comunidade educativa.

ERRAMENTAS EMPREGADAS PARA REALIZAR A ANÁLISE

Co propósito de obter informacións fiables e reais en relación aos diferentes apartados deste plan, as fontes consultadas teñen sido:

ÁMBITO LINGÜÍSTICO

Lingua dominante no contexto social: *enquisa realizada á concelleira de cultura, educación, normalización e benestar do concello de Salceda de Caselas.*

Lingua materna do alumnado: *enquisa ás familias nos formularios de matrícula.*

Lingua vehicular: *enquisa para a definición da contorna sociolingüística do centro (mestres e mestras) e resultado da enquisa as familias sobre a lingua materna.*


ÁMBITO SOCIO-ECONÓMICO E FAMILIAR

Fonte: IGE, ficha de Salceda de Caselas

O centro constitúe o único centro de educación infantil no concello e do número de alumnado matriculado nesta etapa no ano 2025 no termo municipal, 194, son 191 alumnos e alumnas os matriculados no mesmo polo que, os datos xerais recollidos na ficha do IGE se consideran extrapolables.

RECURSOS SOCIO-CULTURAIS

Fonte: IGE, ficha de Salceda de Caselas Do mesmo xeito que no apartado anterior.



Consulta dos datos do centro e do aportado pola responsable de educación e cultura do concello de Salceda de Caselas.

CONTEXTO EDUCATIVO

Fonte: análise dos resultados académicos do alumnado nos cursos 2023/24 e 2024/25.

Área de Comunicación e representación da realidade

2023/24	4º	5º	6º	total
SD	64	65	56	182
EP	4	1	0	5
CD	0	0	0	0
NON AVALIADO	1	1	0	2

2024/25	4º	5º	6º	total
SD	58	64	65	187
EP	2	3	2	7
CD				
NON AVALIADO		1		1

Competencias clave

2023/24			
	SD	EP	CD
CCL	54	2	0
CP	54	2	0
CD	56	0	0

2024/25			
	SD	EP	CD
CCL	59	8	0
CP	62	5	0
CD	67	0	0

Obxectivos de etapa

	2023/24			2024/25		
Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión	SD	EP	CD	SD	EP	CD
	54	2	0	63	4	0

TRATAMENTO DIFERENCIADO DA LECTURA, ESCRITURA E DO ACCESO Á INFORMACIÓN

FONTE: plan anual de lectura 24-25, liñas prioritarias da biblioteca para o curso 25/26, plan de biblioteca

Análise dos documentos de centro existentes: PE, PXA, Proxecto lingüístico, Plan anual de lectura, memoria do curso 2024/25.

Enquisas realizadas en xaneiro de 2026 aos colectivos: profesorado, alumnado e familias do alumnado.

Enquisa ao profesorado: Solicítase a participación ao conxunto do claustro (29 compoñentes), a través de correo electrónico. Os resultados son de carácter anónimo. Notifícanse algunhas incidencias por parte do profesorado que non realiza funcións de titoría sinala que algunhas das cuestións non se axustan ás funcións que desenvolve ao non realizar o mesmo horario con todos os grupos aos que da apoio, por exemplo. Recíbense respostas de 20 persoas pertencentes ao mesmo.

Esta enquisa recolle apartados referidos ao ámbito da lectura, escritura e alfabetización.

Enquisa ao alumnado: envíase ás titorías unha enquisa acompañada dunha presentación con imaxes para facilitar a comprensión de cada cuestión por parte do alumnado. As respostas son anónimas. Solicitada a participación ao conxunto das titorías (15), recíbense respostas de 10 aulas.

Enquisa aos responsables do alumnado: Solicítase ao conxunto de responsables de alumnado que dispoñen da aplicación ABALAR (usuarios), a súa participación nunha enquisa anónima, recíbense respostas de 57.

Datos sobre o alumnado con dificultades no ámbito lingüístico e a súa tipoloxía

Fonte: datos Departamento de Orientación.

Na actualidade ningún dos alumnos e alumnas do centro empregan sistemas de comunicación alternativos. O emprego de pictogramas serve para reforzar a organización pero non como alternativa a comunicación verbal.

Do total do alumnado, 190, reciben atención por parte da mestra especialista en Audición e Linguaxe, 34 nenos e nenas por dificultades leves na linguaxe asociadas, nun pequeno número de casos, a Trastornos de Espectro Autista.

ANÁLISE DE FORTALEZAS E DEBILIDADES CRA RAÍÑA ARAGONTA

	LECTURA	ESCRITURA	ALFIN
FORTALEZAS	Hora de ler: común, consensuada, tempo específico e adaptada a cada nivel.	Metodoloxía lúdica, significativa, innovadora e constructivista, baseada na experimentación, no traballo por proxectos e en materiais manipulativos adaptados.	Existencia de prácticas de investigación no alumnado.
	A lectura abórdase de forma global, contextualizada e interdisciplinar.	As programacións son abertas e flexibles, recollen contidos relacionados coa lectoescritura pero non impoñen unha única metodoloxía, permitindo adaptación ás distintas realidades de aula.	O centro conta con recursos materiais e tecnolóxicos adecuados, tanto para o fomento da lectura e escritura como para o desenvolvemento da ALFIN/AMI.
	A biblioteca é eixo e actúa como: centro de recursos e aprendizaxe, espazo de préstamo (bolsiñas viaxeiras, mochilas e maletas temáticas), punto de encontro coa comunidade educativa e motor de iniciativas que conectan escola e fogar.	A linguaxe escrita ten un papel relevante , aínda que se complementa co uso habitual de sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (pictogramas), que favorecen a organización da linguaxe e preparan para a escritura.	A biblioteca escolar consolídase como centro dinamizador e innovador.
	O profesorado integra de maneira habitual a "hora de ler", complementándoa con outras actividades que fomentan a comprensión lectora, a expresión oral (coloquios, dramatizacións, debates) e o desenvolvemento comunicativo global.	A maioría do profesorado (80%) afirma propoñer actividades para desenvolver a competencia escrita , principalmente para rexistrar aprendizaxes e expresar gustos.	O impacto do programa " Lectura e familias " deberá ser avaliado a medio prazo, xa que aínda é recente, mais os indicadores iniciais mostran boa resposta da comunidade educativa.

	O alumnado amosa unha actitude moi positiva cara á lectura	O alumnado escribe diariamente na aula, mostra gusto pola escritura, prefire escribir acompañado e sente que a escola o anima a escribir.	
	As familias presentan unha alta implicación lectora no fogar, contan con recursos e participan en actividades culturais.	As familias perciben que aos seus fillos/as lles gusta escribir, facilitan medios e oportunidades de escritura no fogar e apoian a aprendizaxe, especialmente en contextos lúdicos.	
DEBILIDADES	Dificultades relacionadas coa atención do alumnado, o que supón un aspecto a mellorar na implementación das propostas lectoras.	O centro non desenvolve un plan específico de fomento da escritura , aínda que promove actividades de achegamento (revista escolar, murais, proxectos).	Ausencia dun plan específico de ALFIN/AMI.
			Potencial de mellora e consolidación dun marco común .
	Comunicación familia escola: non empregan a web do centro para informarse sobre lectura e non participan nas actividades lectoras organizadas pola escola.	Sistematizar e reforzar un plan específico de promoción da competencia escrita.	Integración curricular parcial e enfoque instrumental das TIC.
			Escasa implicación estruturada das familias nos proxectos de investigación
			Necesidade de maior formación e coordinación docente.
			Non existe actualmente un clube de lectura , aínda que se trata de implicar as familias en diversas actividades.

OBXECTIVOS

LECTURA

1. Consolidar a "Hora de ler" como un espazo estable, consensuado e adaptado ás características de cada nivel educativo, favorecendo o hábito lector diario do alumnado.
 - a. Liñas estratéxicas: manter a actual organización da "hora de ler" durante o período de validez deste documento cun tempo de lectura diario de 20-30 minutos e deseñar estratexias que permitan aumentar os tempos de lectura libre no tempo de lecer.
 - b. Actuacións: enquisa para valorar se se está desenvolvendo a hora de ler e a súa valoración. Formular propostas ao claustro de creación de novos espazos de lectura en lugares como o patio.
 - c. Indicadores: a "hora de ler" se realiza no 90% das aulas. Alumnado e profesorado valoran positivamente esta actividade nunha porcentaxe igual ou maior ao 90%.
 - d. Temporalización: validez do documento.
 - e. Responsables: titoras e titores, equipo de biblioteca.
2. Potenciar o tratamento global, contextualizado e interdisciplinar da lectura.
 - a. Liñas estratéxicas: integrar a lectura de maneira transversal nas distintas áreas e situacións de aprendizaxe.
 - b. Actuacións: revisar as programacións de nivel para comprobar que a forma de abordar a lectura sexa a indicada así como establecer propostas tanto na PXA como na programación da biblioteca que reforcen estas liñas.
 - c. Indicadores: as programacións abordan de forma global, contextualizada e interdisciplinar o tratamento da lectura. Nos

documentos anuais se recollen actuacións dirixidas a reforzar as liñas de actuación.

d. Temporalización: anual.

e. Responsables: equipo de biblioteca e conxunto do profesorado.

3. Reforzar o papel da biblioteca escolar como eixo da dinamización lectora.

a. Liñas estratéxicas:

Co propósito de manter e ampliar as iniciativas de préstamo e difusión lectora (bolsiñas viaxeiras, mochilas e maletas temáticas) favorecendo a continuidade dos hábitos lectores entre escola e fogar.

i. Establecer unha estratexia de emprego da biblioteca por parte do profesorado e do alumnado durante o horario lectivo converténdoa en centro de recursos e aprendizaxes.

ii. Consolidar o servizo de préstamos (bolsa de ler e mochilas viaxeiras).

iii. Planificar actividades concretas que se desenvolvan no seu espazo para afianzar o seu valor como punto de encontro coa comunidade educativa.

iv. Desenvolver estratexias que incrementen anualmente o emprego dos servizos de préstamo para familias (libros e xogos) e de maletas viaxeiras.

v. Facer a biblioteca motor de iniciativas que conectan escola e fogar.

b. Actuacións: enquisa a profesorado, alumnado e familias. Recollida e análise de información sobre o número de préstamos, cotas de emprego do espazo da biblioteca en horario de tarde, número de participantes nas actividades propostas.

c. Indicadores: valoración positiva da organización espazo/temporal da biblioteca, do servizo de préstamos, das actividades desenvolvidas e aumento no servizo de préstamos.

d. Temporalización: anual.

- e. Responsables: equipo de biblioteca.
- 4. Favorecer prácticas metodolóxicas que integren a comprensión lectora, a expresión oral e a comunicación en contextos variados e significativos implicando todas as áreas do currículo e especialidades, para reforzar o seu carácter transversal.
 - a. Liñas estratéxicas: continuar promovendo unha actitude positiva cara á lectura mediante propostas motivadoras, participativas e adaptadas aos intereses do alumnado e avaliar a percepción do alumnado cara a lectura realizando anualmente unha enquisa.
 - b. Actuacións: enquisa ao alumnado e ao profesorado.
 - c. Indicadores: realízanse actividades nas que compre ler/falar, son quen de facer que os outros me entendan empregando palabras, escritos, xestos, etc. Nas actividades programadas teñen cabida diferentes habilidades comunicativas.
 - d. Temporalización: revisión anual.
 - e. Responsables: profesorado e alumnado.
- 5. Fortalecer a implicación das familias no desenvolvemento do hábito lector e na creación dun ambiente favorable á lectura no fogar.
 - a. Liñas estratéxicas: continuar promovendo a implicación familiar como elemento clave do desenvolvemento lector.
 - b. Actuacións: facilitar orientacións e propostas lectoras no ámbito do fogar. Publicar recomendacións, proxectos e actividades lectoras na páxina web do centro.
 - c. Indicadores: enquisa ao alumnado e as súas familias.
 - d. Temporalización: revisión anual.
 - e. Responsables: equipo de biblioteca.
- 6. Desenvolver estratexias e dinámicas metodolóxicas que favorezan a atención, a concentración e a participación activa do alumnado nas actividades lectoras.
 - a. Liñas estratéxicas: identificar as causas, planificar actividades concretas e avaliar a incidencia das estratexias planificadas.

- b. Actuacións: enquisa ao profesorado sobre os problemas de atención, proposta de realización de actividades de lectura dramatizada, o emprego de materiais manipulativos, etc.
 - c. Indicadores: nº de alumnado que presenta dificultades para manter a atención antes e despois do desenvolvemento das actuacións.
 - d. Temporalización: revisión anual.
 - e. Responsables: profesorado e equipo de biblioteca.
7. Adaptar as propostas de lectura ás necesidades, ritmos e características do alumnado para mellorar a súa implicación e comprensión.
- a. Liñas estratéxicas: desenvolver actividades complementarias á lectura que permitan mellorar a comprensión lectora como a expresión oral.
 - b. Actuacións: desenvolver coloquios, dramatizacións, debates no seo de aula.
 - c. Indicadores: nº de alumnado que comprende as lecturas realizadas e nº de alumnado que expresa oralmente o comprendido na lectura.
 - d. Responsables: titorías.
 - e. Temporalización: revisión anual, comezo e final de curso.
8. Mellorar os canais de comunicación entre a escola e as familias en relación coas actividades e iniciativas lectoras do centro.
- a. Liñas estratéxicas: favorecer o acceso á páxina web de centro.
 - b. Actuacións: impulsar o uso da páxina web e doutros medios dixitais do centro como espazos de información, difusión e participación arredor da lectura elaborando unha nova estratexia para favorecer o acceso a esta información.
 - c. Indicadores: enquisa as familias sobre o emprego do recurso.
 - d. Temporalización: revisión anual.
 - e. Responsables: equipo de biblioteca.
9. Promover unha maior participación das familias nas actividades de dinamización lectora organizadas pola escola.

- a. Liñas estratéxicas: continuar propoñendo actividades accesibles e motivadoras.
 - b. Actuacións: programar contacontos familiares, talleres ou lecturas compartidas.
 - c. Indicadores: resposta positiva ás propostas, nº de familias interesadas e participantes.
 - d. Responsables: equipo de biblioteca.
 - e. Temporalización: revisión anual.
10. Visibilizar os recursos e as actividades lectoras do centro.
- a. Liñas estratéxicas: publicar recomendacións, proxectos e actividades lectoras na páxina web do centro.
 - b. Actuacións: elaborar podcast de recomendacións de libros e/ou reseñas noutros formatos.
 - c. Indicadores: nº de publicacións e enquisa ás familias.
 - d. Temporalización: revisión anual.
 - e. Responsables: equipo de biblioteca.

ESCRITURA

1. Consolidar a metodoloxía activa e contrutivista na escritura.
 - a. Liñas estratéxicas:
 - i. Afianzar o uso das metodoloxías lúdicas, manipulativas e baseadas en proxectos.
 - ii. Incorporar actividades de escritura en todos os proxectos de aula (rexistros, carteis, diarios, listaxes, álbumes de vocabulario, etc.).
 - b. Actuacións: enquisa ao profesorado.
 - c. Indicadores: as metodoloxías descritas están a empregarse no 90% das aulas ao longo do curso e nº de actividades dos tipos anteriores se desenvolven en aula.
 - d. Temporalización: A lo menos, un actividade semanal (primeiro e segundo ano) e unha actividade diaria (terceiro e cuarto).
 - e. Responsables: titorías e equipo de biblioteca.
2. Establecer uns criterios comúns básicos sobre o traballo da escritura, mantendo a autonomía docente que se recollan na PXA anualmente.
 - a. Liñas estratéxicas: definir acordos mínimos de centro (tipos de actividades, frecuencia, enfoque) que se recollan nas programacións PROENS.
 - b. Actuacións: revisión da PXA e das programacións PROENS.
 - c. Indicadores: os acordos están presentes.
 - d. Temporalización: validez do presente documento.
 - e. Responsables: claustro e equipo de biblioteca.
3. Integrar a linguaxe escrita cos sistemas aumentativos (pictogramas)
 - a. Liñas estratéxicas: reforzar a relación entre pictogramas e escritura convencional para favorecer a transición cara ao código escrito.
 - b. Actuacións: introducir progresivamente actividades que combinen "pictograma + palabra escrita".

- c. Indicadores: pictogramas ou outros sistemas aumentativos de comunicación presentes nas aulas.
 - d. Temporalización: en 50% das aulas no primeiro e segundo curso, 90% das aulas no terceiro e cuarto curso. Si se realizan estas actividades no primeiro curso, aumento progresivo nos sucesivos.
 - e. Responsables: titorías e equipo da biblioteca.
4. Incrementar a calidade das propostas de escritura.
- a. Liñas estratéxicas: diversificar as situacións de escritura máis alá do rexistro e expresión de gustos como recolle o obxectivo 2.
 - b. Actuacións: incorporar novos usos: mensaxes reais, correspondencia, creación de contos, instrucións, etc. Enquisa ao alumnado.
 - c. Indicadores: acadar máis valores que "rexistro de datos" e "expresión de gustos". resposta positiva a "enviamos mensaxes", "creamos notas", "creamos contos" en aumento dende o valor que se obteña no primeiro curso.
 - d. Temporalización: revisión anual.
 - e. Responsables: titorías e equipo de biblioteca.
5. Dotar progresivamente á biblioteca de centro de materiais que favorezan o desenvolvemento da motricidade fina, da coordinación óculo-manual e do trazado de letras.
- a. Liñas estratéxicas: proporcionar materiais e experiencias que faciliten a adquisición dos precursores da escrita de forma lúdica.
 - b. Actuacións: adquisición de materiais neste ámbito e definir en qué forma se presentarán ao alumnado (en qué lugar do centro ou a través de qué propostas, en qué tempos se desenvolverán estas actividades, etc.).
 - c. Indicadores: definir de qué forma se organizará este novo material/espazo. Existencia de material na biblioteca que permita o desenvolvemento dos precursores da escrita.

